

CONRAD FERDINAND MEYER

O amuleto

Traducido por Rosa Marta Gómez Pato



Hugin e Munin

CAPÍTULO PRIMEIRO

Hoxe, 14 de marzo de 1611, cabalguei dende a miña residencia no Lago de Bile en dirección a Courtion para atoparme co vello Bocard e pechar un trato que xa demorara tempo, relacionado cunha ladeira de carballos e faias da miña propiedade, situada preto de Münchweiler. O ancián, mediante un intercambio epistolar longo e arduo, esforzárase por conseguir unha baixada do prezo. Non se podía reclamar moito polo valor daquela dubidosa franxa de bosque; con todo, o home parecía considerar un deber sacar algo máis ao seu favor. Como eu, a pesar disto, tiña un bo motivo para dispensarlle os meus favores, e porque necesitaba ademais diñeiro para lle procurar os primeiros mobles do fogar ao meu fillo, que está ao servizo dos Estados Xerais¹ e que se prometera cunha holandesa loura e repoluda, decidinme a ceder e pechar canto antes o acordo.

Atopeino só na súa vetusta residencia e nun estado desleixado. Os seus cabelos grises caíanlle desordenadamente por riba da fronte e por tras da caluga. Cando

¹Asemblea dos representantes dos tres estamentos (nobreza, clero e burguesía) das provincias neerlandesas. En 1581, foi o órgano que proclamou o final do reinado de Filipe II de Habsburgo (Valladolid, 1527-El Escorial, 1598) nos Países Baixos.

soubro da miña boa disposición para o trato, os seus ollos apagados acendéronse ante a feliz nova. No entanto, aca para e colecciona nos seus vellos días todo o que pode, sen pensar que a súa estirpe murchará con el e que lles legará as posesións a uns herdeiros que o tomarán a risa.

Guioume até un pequeno cuarto dunha torre, onde gardaba os documentos nun armario encouzado, pedíume que sentase e rogoume que puxese por escrito o contrato. Rematada a miña breve tarefa, volvinme cara ao ancián, que, entre tanto, estivera remexendo nos caixóns á busca do selo que parecía que extraviara. Ao velo desarranxar todo con precipitación, erguinme de xeito instintivo para axudalo. Nese estado de apuro febril, acababa de abrir un caixón secreto xusto no momento no que me acheguei por detrás del, botei unha ollada e... suspirei fondo.

Na gabeta atopábanse, un a carón do outro, dous obxectos estraños pero ben coñecidos para min: un sombreiro de feltro esburacado, que noutrora atravesara unha bala, e unha medalla de prata, grande e redonda, coa imaxe da Nosa Señora de Einsiedeln², nunha peza repuxada un pouco basta.

O ancián virouse, como se quixese responder ao meu suspiro, e dixo nun ton queixoso:

—Si, señor Schadau, a virxe de Einsiedeln aínda puido protexerme na casa e no campo, pero, des que chegou a herexía ao mundo e tamén arrasou coa nosa Suíza,

²Trátase da virxe de Einsiedeln que se atopa nun mosteiro bieito medieval de Suíza erixido na cidade do mesmo nome, no cantón de Schwyz. A abadía está dedicada á Nosa Señora dos Ermitáns. A denominación deriva das circunstancias da súa fundación, xa que se sitúa sobre a tumba do ermitán Meinrad (Rottenburg, c. 797-Einsiedeln, 861). En alemán *Einsiedler* significa «ermitán». Xa en 1314 era un lugar de peregrinación e culto mariano, e no século XVI tivo un papel destacado na Contrarreforma helvética. O mosteiro é unha etapa importante da peregrinación a Santiago de Compostela.

apagouse o poder da bondadosa Nai de Deus, mesmo para os crentes! Así se puido ver na historia de Wilhelm..., o meu querido fillo.

E unha bágoa abrollou por debaixo das súas pestanas grises.

Esta escena fíxome sentir verdadeira mágoa e dirixílle ao ancián un par de palabras de consolo pola perda do fillo, que fora o meu compañeiro e ao que feriran de morte ao meu carón. Pero as miñas palabras pareceron contrarialo, ou quizais non as escoitase, pois axiña volveu falar do noso negocio e buscar o selo, que por fin atopou. Ratificou o documento e despediume decontado sen amosar ningunha cortesía especial.

Montei a cabalo de volta á casa. Mentres ía ao trote entre o luscofusco do meu camiño, a son dos recendos da terra na primavera, as imaxes do pasado invadíronme cunha forza tan penetrante, con tal frescura e con trazos tan claros e incisivos que me atormentaron.

O destino de Wilhelm Bocard estaba intimamente ligado ao meu, primeiro dun xeito amigable, logo dunha maneira case arrepicante. Eu leveino á morte. E por moito que isto me apesare, non podo deploralo. Na mesma situación volvería actuar tal e como o fixen cando tiña vinte anos. Con todo, a lembranza dos feitos pasados atáfégame tanto que acordei para min plasmar por escrito todo o transcurso desta misteriosa historia e aliviar así a miña alma.

